



UNHA TERRA DE LENDAS



Ancorado na ría de pontevedra, o concello de Poio atesoura un rico patrimonio material e inmaterial. Xunto aos monumentos históricos, aos xacementos arqueolóxicos ou aos elementos etnográficos, as lendas, os mitos e as crenzas adquiren especial protagonismo nun territorio culturalmente construído durante milenios e marcado pola impronta do mar e por unha paisaxe natural e humana.



Tesouros encantados

Conta a lenda que á beira do regato de Samieira un veciño atopou as campás da catedral de Santiago que roubaran os mouros en tempos de Almanzor. Por riba da Fonte Mulleres aínda se ven nas pedras do río os ocos deixados polas campás. No castro da Sividá, no Pereiro, xunto ao regato Touro hai un boi de ouro enterrado e chéganlle os cornos á Fontiña. Na fraga da Sividá dise que atoparon un coitelo e unha espada de ouro. Preto da Cuna da Moura hai enterradas cabezas de boi feitas de ouro. Tamén o famoso depósito de 156 machados de bronce do século VIII a. C. atopado en Ladrón dise que foi enterrado polos mouros.

Santas e santos prodixiosos

Moitas son as lendas que se contan sobre sucesos extraordinarios protagonizados por santos e santas. Crese que San Frutuoso fixo unha ermida na illa de Tambo e que foi quen de andar por riba das augas para coller a barca que lle levara o mar e poder regresar a terra. Conta a tradición que Santa Trahamunda, tras ser liberada milagrosamente do seu cativerio en Córdoba, chegou a San Xoán de Poio navegando nunha barca de pedra. A Virxe da Renda foi recollida do mar polos pescadores nas súas redes tras ser a illa de Tambo atacada polo pirata Francis Drake no ano 1589. No alto do monte Castrove atopábase unha ermida, hoxe en ruínas, dedicada a Santa Mariña. Esta santa nacida do mar era protectora fronte aos elementos e avogosa da fertilidade e do bo parto.

Seres fantásticos

Fronte ás costas de San Salvador de Poio vivía a serea Leucoíña, da que se namorou o heroe grego Teucro, mítico fundador da vila Pontevedra. Di Frei Martín Sarmiento que o nome da illa de Tambo viría de Thálavo e Talamón co que designaron o famoso Teucro en honor ao seu pai Telamón. Tamén habita na ría o temible Urco, demoníaco can monstruoso agoiro da morte. E ata estas praias se achega o Touro negro da Illa de Ons aproveitando a baixamar para levar as almas dos mortos.

Mouras e mouros

Varias son as lendas que nos falan de Mouras en Poio. A Moura é o ser mítico máis importante da mitoloxía galega, reminiscencia dunha antiga deusa da natureza, da vida e do destino. Ser civilizador e construtora do mundo. Dise que na Fontebrasal, en Arén, vivía unha Moura que saía das augas a peitear os seus cabelos. Se viña alguén, mergullábase de novo. No Outeiro Grande atopamos a famosa Cuna da Moura, que foi lugar de ofrendas a esta mítica muller. No Outeiro do Peixe, en Samieira, vivían tres irmás mouras encantadas cun tesouro e un cabaliño de mazapán. No Monte do Castro, nas Torreiras, unha Moura encantada en feitura de serpe garda grandes riquezas. Os mouros son a raza mítica galega á que se lle atribúe a orixe de todos os xacementos arqueolóxicos. No monte da Graña os mouros tiñan o seu altar para adorar o Sol. Era un petróglifo hoxe xa desaparecido.

Bruxas, demos e a Inquisición

Das bruxas dise que se xuntan no Outeiro das Bruxas (Campelo) na noite de San Xoán para lavárense e peiteárense na Fonte Limoeiro. Tamén facían os seus akelarres na Fonte da Veiga (A Escusa) e preto do Outeiro dos Corvos, no Castrove. Din que para protexerse delas é bo levar unha póla de loureiro. A Santa Inquisición tamén deixou a pegada no imaxinario colectivo de Poio. A tradición fala de que esta estaba na Armenteira, que practicaba o dereito de pernada, que torturaba coa gota e que ía polas noites escoitando o que contaba a xente nas súas casas. A Ponte dos Demos, xunto ao Mosteiro de Poio, foi construída polo mesmísimo Demo. Dende ela Lucifer botaba abaixo a monxes e camiñantes.

Xeografía míticas

No Rego do Mouro cóntase que se abandonaba os vellos cando xa non se consideraban aptos para traballar. Baixo o monte Castrove corre un misterioso río de nome Escandaloso. A este río atribúenselle temibles catástrofes, dise que é unha gran corrente de auga subterránea que pasa por Combarro, desemboca na illa de Tambo e que se chegase a estoupar levaría por diante todo o concello enteiro. Pola Escusa pasa tamén o Gorgoso, río subterráneo que desemboca entre Tambo e Marín. Tamén se cre que a Fonte Santa que nace na illa de Tambo bebe deste misterioso río.

